

CONVENIO ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE E O COLEXIO OFICIAL DE PSICOLOXÍA DE GALICIA PARA O MANTEMENTO DUNHA QUENDA DE GARDA PSICOLÓXICA ESPECIALIZADA E PERMANENTE PARA MULLERES E OS SEUS FILLOS E FILLAS MENORES, AFECTADOS/AS POR VIOLENCIA DE XÉNERO NA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA, NO MARCO DO PACTO DE ESTADO CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O director xeral de Loita contra a Violencia de Xénero da Consellería de Política Social e Igualdade, DECLARA

Que a Consellería de Política Social e Igualdade formalizou con data 23 de maio de 2024 o instrumento convencional arriba referido, por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 31 de xaneiro de 2025.

Que o convenio ten por obxecto establecer as bases reguladoras e as condicións que rexerán a colaboración entre a Consellería de Política Social e Igualdade e o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia para o mantemento dun servizo de quenda de garda psicolóxica, especializada e permanente, para mulleres e os seus fillos e fillas menores afectados/as por violencia de xénero.

A atención terá carácter inmediato para as posibles situacións de urxencia, e prestarase a requirimento das forzas e corpos de seguridade así como dos xulgados con competencia en violencia de xénero, naqueles casos nos que se cumpran os criterios para a activación deste servizo, na Comunidade Autónoma de Galicia.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar fundaméntase no seguinte:

O Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia ten, entre os seus fins, o de fomentar a promoción e desenvolvemento técnico e científico da profesión e da ciencia psicolóxica, a solidariedade profesional e o servizo da profesión á sociedade; así como exercer cantas funcións lle sexan encomendadas pola administración pública colaborando con ela para o cumprimento dos seus fins.

Esta entidade está a desenvolver xa dende hai máis de 10 anos, un programa de atención psicolóxica especializada coa finalidade de ofertar recursos terapéuticos que abran vías de recuperación a mulleres vítimas de violencia de xénero e aos seus fillos e fillas, acreditando ademais experiencia no



desenvolvemento de programas de atención e asistencia a vítimas de delitos e de catástrofes, sempre dende a perspectiva da prestación, o apoio e a asistencia psicolóxica.

A Consellería de Política Social e Igualdade, que ten as competencias en materia de loita contra a violencia de xénero, estima oportuno asinar un convenio de colaboración co Colexio Oficial de Psicología de Galicia para financiamento dunha quenda de garda psicolóxica especializada e permanente para mulleres e os seus fillos e fillas menores afectados/as por violencia de xénero que ten como obxectivos:

- Prestar unha atención psicolóxica avanzada e especializada.
- Detectar as necesidades psicolóxicas da persoa en situación de violencia de xénero e axudarlle a entender e visibilizar tamén as dos seus fillos e/ou fillas nesa situación, e facilitar a súa cobertura.
- Prever a posibilidade de vitimización secundaria.

A concesión directa da subvención a través deste convenio efectuarase ao abeiro dos artigos 19.4.c) e 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 40 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, na que se prevé a posibilidade de excepción do réxime ordinario de concorrência competitiva en base ao carácter singular das subvencións e razóns de interese público, social e humanitario, cal é poder ofertar ás vítimas de violencia de xénero e as e os menores que vivan ou padezan estas situacións de violencia de xénero, unha atención personalizada e especializada e permanente a través dun servizo de quenda de garda psicolóxica permanente.

De conformidade co previsto no artigo 26.2a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, estímase xustificada a non procedencia de promover a concorrência pública, e as razóns de interese social, para os efectos da subscripción deste convenio, posto que o Colexio Oficial de Psicología de Galicia é a entidade que ostenta a representación da profesión de psicólogos/as na Comunidade Autónoma de Galicia, tendo entre os seus fins a promoción e desenvolvemento técnico e científico da Psicología e o servizo dos seus/das súas profesionais á sociedade, conta coa experiencia de vir desenvolvendo e coordinando dende hai anos os programas de atención psicolóxica personalizada e especializada no ámbito da violencia de xénero con un ámbito de actuación e coordinación en todo o territorio da nosa Comunidade Autónoma e dispón de medios suficientes para desenvolver axeitadamente o programa, que contará ademais coas garantías derivadas da súa estrutura colexial.



Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público que os exclúe expresamente no seu artigo 6.1 ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

O director xeral de Loita contra a Violencia de Xénero

Roberto Barba Alvedro

